

## “XVII PREMIOS DE PUBLICIDADE 2009”

1º.- Os premios terán periodicidade anual e contarán con tres modalidades: radio, televisión e Internet.

2º.- O concurso será aberto e, poderanse premiar a medios, axencias, entidades promotoras, que promovan ou difundan anuncios ou cuñas publicitarias, transmitidas integramente en galego.

3º.- Nos traballos presentados, valoraranse, entre outros, os seguintes aspectos:

- Singularidade da produción
- Calidade lingüística oral e escrita
- Contido multimedia para os traballos en Internet

4º.- Os traballos que concursan deberán estar difundidos no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2009 e o 31 de decembro de 2009.

5º.- O xurado estará composto polo Pleno do Consello Asesor de RTVE-G e da CRTVG e profesionais de recoñecido prestixio no eido da Comunicación.

6º.- Todos os traballos deberán ser presentados en CD ou DVD. No caso de Internet a copia deberá acompañarse do enderezo completo da web.

Cada anuncio deberá ir acompañado dunha Certificación das datas de emisión.

7º.- Os reclamos publicitarios serán admitidos no Rexistro do Consello Asesor ata o día 30 de setembro de 2010 e deberán ser remitidos ó seguinte enderezo:

- Consello Asesor de RTVE-G e RTVG

- Praza da Quintana nº 2 – 1º
- 15704 Santiago de Compostela

senalando para os “XVII Premios de Publicidade en galego 2009”

As propostas poderán ser presentadas por:

Medios  
Axencias  
Entidades Promotoras  
Membros do Consello Asesor

8º.- As deliberación do xurado terán lugar ao longo do mes de outubro do 2010 podendo quedar deserto. En caso de empate, dirimirá o voto de calidade do presidente.

9º.- As axencias ou empresas participantes ao aceptar o premio aceptan a difusión dos anuncios presentados na páxina web do Consello Asesor.

10º.- O premio, nas modalidades radio, televisión e internet, consistirá nunha peza de arte galego que se lle entregará ás empresas anunciante. As axencias de publicidade, autoras dos anuncios premiados, recibirán unha placa conmemorativa. Estes premios serán entregados no transcurso dun acto que se celebrará na data que determine o Consello Asesor.

11º.- A presentación aos concursos implica a aceptación destas bases e o dictame non poderá ser recorrido. O xurado resolverá calquera outro aspecto non contemplado nas bases.

## ANEXO

### **PREMIO ESPECIAL DA MURALLA DE LUGO.**

Con motivo do 10º Aniversario da declaración de Patrimonio da Humanidade da Muralla de Lugo, convócase este Premio para a promoción do monumento lucense, que contará coa colaboración da Vicepresidencia 1ª da Deputación Provincial de Lugo.

Valorarase a promoción do monumento a través da temática que conteña o anuncio, nas modalidades de radio, televisión, internet e deseño gráfico.

Todos os traballos deberán ser presentados en CD ou DVD. No caso de Internet a copia deberá acompañarse do enderezo completo da web.